

## PROGRAMACIÓN DE AULA SOUTELO 2021/2022

### CONTEXTUALIZACIÓN DA AULA

Levo a cabo a miña programación no CRA Raíña Aragonta, situado no concello de Salceda de Caselas, o cal está composto por 15 aulas de Educación Infantil, das cales 8 aulas están no centro urbano e as outras 7 distribuídas polas parroquias. Esta programación lévase a cabo na aula da parroquia de Soutelo, que conta cun grupo mixto no que hai escolarizados 10 alumnos e alumnas de idades diversas (5 nenos/as de 3 anos, 4 nenos/as de 4 anos e 1 neno de 5 anos).

Na aula impartimos ensinanzas unha titora e os especialistas (Educación Física, Lingua Estranxeira, Educación Musical e Relixión Católica).

### OBXECTIVOS

Para o traballo na aula terei en conta os obxectivos propostos no D.330/2009 do 4 de xuño polo que se establece o currículo de Educación Infantil na nosa Comunidade. Ao mesmo tempo, estarán referidos ás 3 áreas curriculares da etapa, entre os que destaco:

#### 1) Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal

- Explorar e identificar as principais partes do corpo e ter una imaxe axustada e positiva dun mesmo, valorando as limitacións do propio corpo.
- Identificar os propios sentimentos, emocións e necesidades, comunicarllos aos demais, así como respectar as dos demais.
- Utilizar o xogo como medio de desenvolvemento e aprendizaxe do medio que nos rodea.
- Participar na resolución de problemas e conflitos, expresando as súas propias opinións e aceptando as dos demais independentemente do sexo, idade, cultura ou relixión.
- Adquirir progresivamente hábitos e actitudes relacionados coa hixiene, a seguridade persoal, o descanso e o fortalecemento da saúde.

#### 2) Coñecemento do entorno

- Observar e explorar o contorno natural, físico e social identificando os cambios que se producen, con actitude de curiosidade e interese, e asumir a súa responsabilidade no seu coidado e mantemento.
- Establecer relación de confianza, colaboración, comprensión baseadas no respecto ás persoas, ás normas e valores da sociedade a que pertencen.
- Recoñecer, participar e gozar dos acontecementos, festas, tradicións e

costumes do seu contorno inmediato, propios da tradición e cultura galega.

- Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, facendo uso delas para comprender e resolver problemas da vida cotiá: comparando, ordenando, cuantificando, pesando, etc.
- Gozar ao realizar actividades o aire libre en contacto coa natureza.

### 3) Linguaxes: comunicación e representación

- Comunicar aos compañeiros e adultos, sentimentos, necesidades e ideas mediante a linguaxe oral en distintos contextos e comprender as intencións dos demais.
- Comprender as intencións e mensaxes que lle comunican outros nenos e adultos, valorando e respectando a linguaxe oral como un medio de relación cos demais.
- Interesarse pola lingua escrita e percibila como un instrumento que lle permite transmitir información e comunicarse, empregando diferentes soportes e amosando gusto pola utilización da biblioteca como fonte de información.
- Desenvolver a capacidade creativa a través da linguaxe plástica e a utilización de diferentes técnicas plásticas.
- Interesarse polo manexo e funcións das TICS, como ferramenta de búsqueda de información, medio de comunicación e expresión.

## CONTIDOS

A partir dos obxectivos propostos concretei os diversos contidos que vou traballar ó longo do curso, abordando tódolos bloques de contidos que conforman as 3 áreas de Infantil. Entre estes destacarei:

- As partes do corpo e a aceptación progresiva das características propias.
- Identificación e control progresivo das emocións.
- Actitudes de respecto, axuda e colaboración cos demais sen ningún tipo de discriminación.
- Utilización do xogo como medio de desenvolvemento e aprendizaxe.
- Resolución de problemas e conflitos, expresando as súas opinións e aceptando as demais.
- Adquisición de hábitos relacionados co benestar, a alimentación, a seguridade e hixiene persoal.
- Observación e exploración das características do entorno.
- Identificación dos cambios no entorno e súa relación cos factores que os producen.

- Coñecemento e participación nas festas, costumes e tradicións familiares e comunitarias ás que pertence.
- Curiosidade, respecto e coidado do medio ambiente.
- Goce ao realizar actividades ao aire libre en contacto coa natureza.
- Comunicación a través da lingua oral para expresar ideas, sentimentos, coñecementos, etc.
- Recoñecemento das manifestacións non verbais como elementos da comunicación humana.
- Acercamento á lingua escrita como medio para obtención de información e para a comunicación.
- Utilización de diferentes técnicas plásticas para a expresión de feitos, vivezas, etc.
- Iniciación no uso de instrumentos audiovisuais e tecnolóxicos: ordenador, cámara dixital, sitios web, etc.

## **ACTIVIDADES**

As actividades que propoño estarán relacionadas cos intereses e motivacións dos nenos e nenas, serán motivadoras e potencialmente significativas, estando encamiñadas a que os alumnos adquiren os obxectivos propostos. As actividades diferenciaranse por ser de inicio, desenvolvemento, finais e/ou de ampliación e reforzo.

Ao longo do curso 2021/2022 levaremos a cabo diferentes proxectos con tema por concretar, xa que dependerán dos intereses e curiosidades que vaian xurdindo por parte dos cativos e cativas. O que se traballará ao longo do curso é a temática “A volta ao mundo”, intentando relacionar o traballado coa temática mencionada.

A probabilidade dun novo confinamento a escala xeral ou o illamento do noso grupo ou aula como medida de protección ante a aparición dun caso de Covid fai necesario “formar” ao alumnado e as súas familias no emprego de ferramentas como:

- Cisco Webex, ferramenta para a realización de videoconferencias. Os primeiros días de setembro, realizouse unha reunión virtual coas familias para comprobar que todas tiñan acceso e que non presentaban dificultades para empregar a aplicación.
- Abalar móbil, útil de mensaxería, de comunicación rápida entre profesorado-centro-familia. Dende o comezo de curso emprégase este mecanismo como fórmula de comunicación de pequenos avisos, así como outras notificacións de carácter máis formal.
- A páxina web do centro <http://www.edu.xunta.gal/centros/craraingaragonta/>, ferramenta de comunicación e participación entre centro/aula e familia.

Debido a situación actual que estamos vivindo, cómpre sinalar os alumnos sen conectividade. Sinalar que a comezo de curso realizouse unha enquisa ás familias co fin de coñecer o grao de acceso a contidos de carácter dixital e os elementos informáticos cos que contaban. O resultado da mesma foi o seguinte:

- Todo o alumnado ten acceso a Internet sexa a través de datos ou de WI-FI;
- A meirande parte do alumnado conta con impresora para poder imprimir documentos ou materiais físicos de traballo. No caso daquel alumnado que non dispón destes medios, foi elaborado unha listaxe de enderezos postais para poder entregar material impreso se é preciso.

## **AVALIACIÓN**

A avaliación nesta etapa é un proceso regulador, orientador e autocorrector do proceso educativo, a cal constitúe unha práctica habitual entre o profesorado. Baseándome no D. de Currículo 330/2009 e na Orde do 25 de xuño do 2009, levareina a cabo de forma global, continua e formativa e presentará 3 momentos: inicial (ao comezo do curso), continua (ao longo do proceso educativo) e final (ao finalizar o curso).

Empregarei como principais técnicas do proceso de avaliación a observación directa e sistemática, o análises das producións dos nenos e as entrevistas e titorías coas familias. Para estes efectos emprego uns criterios de avaliación para cada unha das áreas, graduais e progresivos, acordes o nivel de cada neno e nena (explícito na miña programación de aula).

## **METODOLOXÍA**

A miña labor docente basearase na utilización dunha metodoloxía participativa, creativa, lúdica e autónoma. Actuarei tamén tendo en conta principios metodolóxicos básicos como: comunicación e interacción, atención á diversidade, o principio de globalización, aprendizaxe significativo e a importancia da interacción familia e escola. Neste curso escolar traballarei por proxectos, xa que desta maneira aprenden investigando, evitando facer relacións forzadas e sen sentido para os nenos. Así os alumnos aprenden sendo autónomos e protagonistas da súa propia aprendizaxe. De esta maneira non só aprenden os alumnos senón que os docentes e as familias tamén nos implicamos e aprendemos xuntos cos nenos. O traballo por proxectos é un método de traballo no que cada un aporta en función das súas experiencias, curiosidades e, tras a posta en común, compartimos as nosas aprendizaxes cos compañeiros.

No relativo á **organización dos espazos** cabe sinalar que no interior da miña aula dispoño de lugares propios para o traballo individual, onde o alumnado sítase cómodo e seguro. A aula está dividida por recunchos, é dicir, espazos organizados dentro da aula, que tenden a ser polivalentes propiciando o desenvolvemento global do alumnado, a adquisición de hábitos e normas e posibilitando a expresión en tódalas súas formas. Actualmente, debido a situación polo Covid-19, os recunchos serán empregados de forma individual.

En canto a **organización do tempo**, combinarei tempos de rutinas con tempos de actividades específicas segundo as características e necesidades dos nenos e nenas, polo que a organización do tempo é flexible respectando os diferentes ritmos de cada alumno.

Ademais, contarei con variedade de recursos, adaptados as características dos alumnos e alumnas. Tamén destacar a utilización de recursos dixitais e o uso das tecnoloxías da información e comunicación. Neste curso non empregaremos libros como tal, agás para o desenvolvemento lóxico-matemático, empregando un caderno de matemáticas adaptado a cada nivel.

## **ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

A miña intervención educativa contempla como principio a diversidade do alumnado, adaptando a práctica educativa ás características persoais, necesidades, intereses e estilo cognitivo dos nenos, dada a importancia que en estas idades adquiren o ritmo e o proceso de maduración.

A atención a diversidade presupón partir da idea de que o grupo de clase non é homoxéneo. Algunhas das medidas que adopto na miña aula para atender á diversidade son: emprego de actividades variadas para que se adapten ás características do alumnado e a selección de diferentes materiais e recursos para a realización de actividades procurando a motivación do alumnado.

Por outra banda, dentro desta diversidade haberá que ter presente tamén os alumnos e alumnas con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE). Así mesmo, en caso necesario, coordinareime, colaborarei e traballarei conxuntamente co Departamento de Orientación do Centro (DO), e coas especialistas de Audición e Linguaxe (AL) e de Pedagogía Terapéutica (PT).

## **ACTIVIDADES PROPOSTAS PARA ALTERNATIVA Á RELIXIÓN**

Ó longo do presente curso 2021/2022, desenvolverei actividades encamiñadas a formar ao alumnado en valores como a solidariedade, a cooperación, a non discriminación, o respecto

polos demais, a igualdade, etc. Empregarei diferentes recursos como contos, curtametraxes, xogos interactivos ou pequenos coloquios.

## **PLANIFICACIÓN DA LABOR EDUCATIVA EN ESCENARIOS DIFERENTES AO PRESENCIAL**

No referido á atención educativa do alumnado da aula de Soutelo nos escenarios que impliquen unha atención diferente da establecida con carácter xeral para o ensino presencial, seguirase o establecido no apartado correspondente da PXA: PLANIFICACIÓN DA LABOR EDUCATIVA NOS DIFERENTES ESCENARIOS.